

# Introducción

Pilar Cagiao Vila

Este volume de *Semata* dedícase non tanto a un tema monográfico en concreto como a diferentes aspectos da historia, xeografía ou arte de Galicia na súa proxección exterior, inserción internacional ou dende o punto de vista da análise comparada. De aí, a necesidade de atoparmos un título que intentase recoller o máis amplamente posible esta intención a través das achegas de profesores e investigadores da nosa Facultade e doutros, malia externos a ela, con algún tipo de contacto coa mesma, ben por teren sido profesores visitantes ou participado en proxectos desenvolvidos entre nós, ben por manteren relación directa, formal ou informalmente, co noso ámbito.

*Galicia nos contextos históricos* recolle 21 contributos que foron agrupados en dous grandes apartados. O primeiro deles, o máis heteroxéneo e baixo o epígrafe *Diferentes contextos*, comprende once traballos nos que se analizan diversos aspectos relacionados con Galicia nun dilatadísimo período cronolóxico que, sen cubri-lo totalmente, discorre dende a prehistoria ata a actualidade. Esta sección iníciase coa contribución de J. M. Vázquez Varela na que se achegan elementos para o estudo dos petroglifos prehistóricos de armas metálicas de Galicia en comparación cos doutras áreas xeográficas europeas e africanas durante a Idade do Bronce. Segue o traballo de M. V. García Quintela no que se aborda o estudo do territorio que se corresponde coa Galicia actual durante a antigüidade prerromana a través dunha suxerinte análise de diferentes tipos de fontes.

A contribución de E. Ferreira Priegue analiza cómo se percibían as imaxes de Galicia dende o exterior durante o período medieval. Destaca, entre outras, a de identificala co lugar de procedencia de moitos navegantes, aspecto que entronca co traballo de

E. Rey Tristán sobre o galego João da Nova e a súa participación na expansión marítima portuguesa.

Pola súa banda, a contribución de M. C. Saavedra Vázquez ocúpase da proxección exterior de Galicia a través da súa incorporación ás empresas militares da política imperial desenvolvida durante o século XVI. No contexto da mesma inscríbese a expansión polo continente americano que ten aquí reflexo nunha serie de achegas relativas a diferentes aspectos vencellados a este proceso histórico. A de M. C. Martín Rubio refírese ó cronista galego Juan de Betanzos, quen xogou un papel transcendental como interlocutor entre españois e incas e foi autor dunha das máis ricas crónicas referidas ó mundo andino, o manuscrito completo da cal foi descuberto precisamente por Martín Rubio en 1987, dando lugar nos noventa a diversas expedicións organizadas dende Galicia na procura de Vilcabamba, a cidade perdida dos Incas.

Relacionados tamén co mundo colonial americano, os catro seguintes traballos, malia dende diferentes ópticas, fan referencia á presenza galega en diferentes escenarios daquel continente. E aínda cando é abondo coñecido que durante os séculos coloniais a emigración galega de destino americano foi inferior á procedente doutras rexións da Península, esta foi unha tendencia que comezou a mudar consonte avanzaba o século XVIII, tal e como veñen demostrar os estudos realizados sobre fontes galegas e de arquivos americanos. Reveladores deste feito son os traballos de M. L. Pazos Pazos, que parte de fontes mexicanas, e o de V. Zuluaga, quen iniciou a súa investigación sobre o tema, trala súa estada entre nós como profesor visitante en 1997, sobre fontes colombianas. Pola súa parte, o investigador uruguaio de orixe galega C. Zubillaga Barrera, que vén traballando no tema dende 1966, aborda na súa contribución a presenza galega en Montevideo durante o período comprendido entre as últimas décadas do século XVIII e a revolución independentista.

Ó período colonial, neste caso cubano, que, como é ben sabido, se prolonga máis no tempo que no resto dos territorios americanos, refírese o traballo de C. Naranjo Orovio, quen indaga en diferentes proxectos de colonización branca con particular atención ó efectuado por Urbano Feijóo de Sotomayor a mediados do século XIX.

Pecha o primeiro bloque unha achega de ben distinto signo a tódalas anteriores; a moita distancia contextual e cronolóxica destas, R. Rodríguez González aborda os efectos das dinámicas de converxencia derivadas da incorporación de Galicia á Unión Europea.

O segundo bloque, como arriba ficou exposto, presenta, tanto no temático como no cronolóxico, unha estrutura moito máis homoxénea. Comprende dez contribucións relacionadas co fenómeno migratorio, sen dúbida un dos problemas estruturais máis importantes da historia contemporánea de Galicia e de maior incidencia na súa proxección exterior. Inicia esta sección o traballo de A. Vázquez González, quen se centra nun aspecto vital do fenómeno, un dos principais mecanismos que o posibilitaron: o transporte. Son de salientar certas transformacións derivadas do paso da vela ó vapor, non só

dende o punto de vista técnico senón na implicación das novas redes sociais que ó seu redor se teceron. En relación así mesmo co tema do transporte, a contribución de J. Hernández Borge, malia dedicada á emigración lusa –fundamentalmente a do Norte, que tantas coincidencias ten coa galega–, alude á importancia dos portos galegos como puntos de saída de moitos portugueses.

Veñen despois unha serie de traballos relacionados con diferentes sociedades emisoras e receptoras do fenómeno. D. González Lopo, por exemplo, realiza a análise do proceso nunha bisbarra do interior pontevedrés na que, ó longo de máis dun século, persistiu a dinámica migratoria aínda variando o destino da mesma. Pola súa banda, o investigador arxentino F. J. Devoto, quen por fortuna se ten convertido en asiduo da nosa práctica docente mercé ós programas de doutoramento, tras unha serie de reflexións teóricas sumamente rigorosas sobre o concepto da cadea migratoria, aborda a análise da emigración rexistrada en Santiago a través das fontes nominativas existentes no Arquivo Histórico da nosa Universidade.

O traballo da investigadora costarricense G. Marín Araya, inscrito no cadro dunha investigación máis ampla sobre a presenza española no seu país, acomete os antecedentes dun proceso que paseniño foi reforzando cadeas de individuos procedentes na súa maior parte dunha mesma bisbarra galega. Precisamente este feito, a procedencia tan determinada dos emigrantes, provocou que, unha vez en América, se constituíran distintos tipos de asociacións étnicas de natureza peculiar en cada caso. O traballo de X. M. Núñez Seixas céntrase nas asociacións microterritoriais de Bos Aires e achega claves definitivas para comprendermos mellor a interrelación entre as colectividades emigradas e as sociedades de orixe. Neste mesmo senso, se ben que dende unha análise ben disímil, o contributo de C. Ferrás Sexto aproxima o perfil social, cultural e económico da colectividade ourensá en Guadalajara (México) na segunda metade do século XX.

Dende unha perspectiva absolutamente diferente, a contribución de A. Garrido Moreno dedícase á análise da obra mural do pintor galego Luís Seoane, quen tivo como obxectivo prioritario espallar a cultura de Galicia e reivindicar a xeración republicana á que pertenceu, durante o seu exilio arxentino.

Para rematar, dúas achegas máis de carácter distinto sobre a emigración galega. A primeira dende o punto de vista cinematográfico é a que ofrecen J. M. Folgar de la Calle e R. Martín Sánchez, nun traballo que percorre o tratamento que o cine español fixo do fenómeno durante o franquismo. A segunda, que pode sen dúbida ser considerada como unha proposta para o debate, é a ofrecida polo xeógrafo francés J. R. Bertrand, estreitamente vinculado á nosa Facultade, a través dunha serie de reflexións sobre a orixinalidade do fenómeno no caso de Galicia.

Réstame a penas agradecer a todos os contribuíntes o seu dispor en todo momento para a colaboración comigo neste traballo colectivo.